

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE XUÑO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA	Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE
Membros que asisten: PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑOZ MUÑOZ ELADIO	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL MARIÑO DE BRICIO VICENTE

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 11:00 do día Once de Xuño do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en segunda convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 04/06/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/049

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 03/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS DE FÁBRICA DE SALAZÓN, DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN DE UN MIRADOR-PUNTO INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO" (PSTD-PRTR)"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/067

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/06/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA EL DISEÑO DE PROPUESTA DE CIUDAD LABORATORIO Y DE CANDIDATURA PARA LA EUI"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/069

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS DEL "PROYECTO DE ILUMINACIÓN DE LAS OBRAS DE FÁBRICA DE SALAZÓN PUNTO DE INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO" (PSTD-PRTR)"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/072

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/06/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS DE PARQUE INFANTIL NA PRAIA DE COROSO"

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/096

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/06/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CARRIL BICI PARA LA CONEXIÓN DEL CASCO URBANO DE RIBEIRA CON LA PARROQUIA DE PALMEIRA"

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/110

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/06/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVICIOS DE MANTENIMIENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTILES E SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO) PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2026"



8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/114

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/06/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DE SUMINISTRO E INSTALACIÓN CASETA DE SOCORRO EN LA PLAYA DE COROSO (PSTD-PRTR)"

9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 03/06/2026 (Registro de entrada nº 13.401), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non Autorizar a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira, debido a que a xestión da instalación de postos de venda ambulante está a cargo da **Comisión de Festas de Palmeira**, polo que deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa instalación.

10.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Díaz**, de data 03/06/2026 (Registro de entrada nº 13.317), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non Autorizar a **Manuel Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira, debido a que a xestión da instalación de postos de venda ambulante está a cargo da **Comisión de Festas de Palmeira**, polo que deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa instalación.



11.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Isabel María Fernández Díaz

Visto o escrito presentado por **Isabel María Fernández Díaz**, de data 03/06/2026 (Registro de entrada nº 13.342), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Crepería), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non Autorizar a **Isabel María Fernández Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Crepería), o día 23/06/2026, co motivo da celebración da Festa de San Xoán en Palmeira, debido a que a xestión da instalación de postos de venda ambulante está a cargo da **Comisión de Festas de Bandourrío**, polo que deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa instalación.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7061 19.02.2026 GALICIA WELLNESS S.L., traballos de mantemento en local comercial, Paseo das Carolinas Nº 12- Ribeira. (2026 COMU000100)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3827 27.03.2026 VICENTE GONZALEZ JOSEFA ENCARNA, cierre de parcela, Rúa Monumento Nº 7 - Ribeira. (2026 COMU000038)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8986 17.04.2026 Gonzalez Santos Jose Melchor, mantemento e conservación de peche existente, Lugar de Muiños Nº 25 - Ribeira. (2026 COMU000150)



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9046 17.04.2026 DIOS SUAREZ JOSEFA, limpeza e mantemento de fachadas, Rúa de Galicia Nº 50 - Ribeira. (2026 COMU000151)

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10418 04.05.2026 DOMINGA ENRIQUEZ ENRIQUEZ, instalación solar fotovoltaica de autoconsumo individual de 6 kw con compensación de excedentes, Lg Delicias nº 30- Corrubedo - Ribeira. (2026 COMU000181)

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4555 27.02.2026 PREGO LEMA MARIA DEL CARMEN, restauración de muro de pedra, Rúa Atalaya nº 51, Corrubedo- Ribeira. (2026 COMU000051)

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11643 18.05.2026 CARBALLO VIEITES MARIA DEL PILAR, renovación de techumbre, Lugar de Gándara nº 28, Oleiros - Ribeira. (2026 COMU000211)



19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9804 27.04.2026 CANDAL GARCIA JOSE MANUEL, reforma de fachada, tellado e ventanas, Rúa Barreira nº 14, - Ribeira. (2026 COMU000172)

20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10989 08.05.2026 FERNANDEZ FERNANDEZ VENTURA, renovación acabados de paramentos de exterior en vivenda, Rúa Lagarto nº 38, Aguiño - Ribeira. (2026 COMU000188)

21.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA e planta primeira. LOCALIZACIÓN: LUGAR De bretal, nº 127, oleiros, ribeira. promotora: MARía garcía sarasquete.

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA e planta primeira**, no lugar do **BRETAL, Nº 127, OLEIROS, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna.MARía garcía sarasquete**

Examinada a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **27 de maio de 2026**

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** con sinatura dixital o día **28 de maio de 2026**

VISTO o **informe** emitido con data **1 de xuño de 2026** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa



razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. **MARía garcía sarasquete** licenza urbanística de obra maior - **PROXECTO DE EXECUCIÓN-para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA e planta primeira**, no lugar do **BRETAL, Nº 127, OLEIROS, RIBEIRA**, en parcela con refª catastral nº 15074A043000360000KK, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 22 de maio de 2026 redactado polo **arquitecto D. Fernando Losada Liste, (arquitecto col. nº 1.271)**, según **licenza de obra nº 11/26**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de marzo de 2026.):

-Deberá adaptarse ó resto das determinacións técnica establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 27 de maio de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

*-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
-Acta de recepción de edificio terminado.
-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
-Certificado de Eficiencia Enerxética.
-Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:



-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.

-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou



foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

22.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA. promotorA: ALICIA CRUJEIRAS LEMOS. LUGAR: LISTRES-CARREIRA,RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR illada**, no lugar de **LISTRES,carreira, RIBEIRA**, da que é promotora **DNA. alicia crujeiras LEMOS**

Examinada a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 8 de xaneiro de 2026**, así como o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **29 de xaneiro de 2026**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



-PRIMEIRO: - CONCEDER a DNA. alicia crujeiras LEMOS, licenza urbanística (Nº 23/26) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR illada, no lugar de LISTRES, carreira, RIBEIRA, según proxecto básico, redactado polo Arquitecto Don Jose Antonio Gómez Domínguez, asinado dixitalmente o 13 de maio de 2025.

-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.

-Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 8 de xaneiro de 2026

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.

-Acta de recepción de edificio terminado.

-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.

-Certificado de eficiencia enerxética.

-Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.

-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase



con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.

-A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

23.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – URBEMED Ingeniería y Paisaje, S.L.

Visto o escrito presentado por Pablo Martín del Barrio en representación de **URBEMED Ingeniería y Paisaje, S.L.**, de data 16/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.093), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A026005550000KD e 8481104MH9088S0001UP.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 01/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202500025093 o día 16 de outubro de 2025.

2. OBJETO DO INFORME



Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas contiguas.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística de dúas parcelas contiguas indicando as súas referencias catastrais.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencias catastrais 15074A026005550000KD e 8481104MH9088S0001UP, no seu plano 5.18, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Aguíño), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nestas parcelas son:

– **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.



1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- **Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- **Balcóns:** Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- **Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non



superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.

- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Servizo do Litoral do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Visto o escrito presentado polo **Servizo do Litoral do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia**, de data 14/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.616), no que solicita informe para autorización en servidume de protección do dominio público marítimo terrestre de obras de “MODIFICACIÓN DE CIERRE DE FINCA” na parcela con referencia catastral 000205300NH00G0001IL. Ref: A-2025/389.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 04/06/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600008616 do día 14 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de informe para autorización de obras de modificación de peche de parcela para a instalación dun portal de garaxe, indicando a súa referencia catastral, e axuntando a solicitude realizada polo promotor das obras e documentación adxunta.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencia catastral 000205300NH00G0001IL, encóntrase clasificada polo PXOM, segundo se recolle no plano 4.14 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2.000, coma solo urbano residencial extensivo colectiva en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Polo tanto, é de aplicación a ordenanza 6.2, Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 156 do PXOM.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

As condicións desta Ordenanza son:



- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir



unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- Cerramentos de parcela: Só se permitirá o cerramento das parcelas con elementos opacos de bo acabado, ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose incrementar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metros. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.
- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pechase con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboreadas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen



revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AXUSTE ÁS DETERMINACIÓNS DA NORMATIVA QUE RESULTE DE APLICACIÓN PARA A CONCESIÓN DA LICENZA MUNICIPAL

Proponse unha modificación do peche da parcela para incrementar o oco de paso, para a instalación dun portal para paso de vehículos.

Segundo se pode deducir na documentación achegada, o peche de pedra natural, ten unha altura de, polo menos, 2,50 metros, polo que excede a altura máxima permitida polo PXOM, que sería de 1,50 metros de altura.

Segundo o artigo 3.1.e), do DECRETO 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, "Os valados perimetrais de peches de las parcelas, que poderán ser opacos ata unha altura máxima dun metro e obrigatoriamente diáfanos por cima de dita altura con, alo menos, un 80 por 100 de ocos, excepto que se empreguen elementos vexetais vivos ou outros materiais que, pola súa transparencia, non constitúan unha barreira visual; e os peches vinculados aos de concesións no dominio público marítimo-terrestre, coas características que se determinen no título concesional. En todo caso, deberá ficar libre a zona afectada pola servidume de tránsito."

Por estes motivos, **as obras pretendidas NON son compatibles ca normativa que resulta de aplicación para a concesión da Licenza municipal.**

25.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Cristian Vidal Martínez

Visto o escrito presentado por **Cristian Vidal Martínez**, de data 02/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.197), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039008390000KH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 03/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante



como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A039008390000KH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

26.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Luis Sánchez Fernández

Visto o escrito presentado por **José Luis Sánchez Fernández**, de data 04/06/2026 (Registro de entrada nº 13.576), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019008980000KF, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 05/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019008980000KF, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

27.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a ARACELI DEL RÍO OTERO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. E DE D. PABLO FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 5581MSV, OCASIONADOS Ó BATER CO BORDO DUNHA BEIRARRÚA. EXPEDIENTE 2025 RESP000019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a ARACELI DEL RÍO OTERO, en nome e representación da entidade ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. e de D. PABLO FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro. - O día 03 de decembro de 2024, D. Pablo Fernández Domínguez, circulaba no vehículo da súa propiedade, marca BMW, con placas de matrícula 5581MSV, pola Rúa Castelao cara o Porto de Aguiño, na parroquia do mesmo nome do municipio de Ribeira, cando á altura do número 52 da citada Rúa, impactou co bordo da beirarrúa que sobresaía da mesma e que non estaba reparada nin sinalizada, o que ocasionou diversos danos



materiais ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/06/2025 co número 202500015632, D^a Araceli de Río Otero, en nome e representación da entidade aseguradora ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. e de D. Pablo Fernández Domínguez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados no vehículo con placas de matrícula 5581MSV, que cuantifican na contía total de 7.104,78 euros mais os xuros que legalmente procedan, dos que 6.784,78 euros correspondería á entidade aseguradora e os 320 euros restantes corresponderían ó Sr. Fernández Domínguez.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación:

- Escritura de poder xeral para pleitos autorizada na data 25/03/2014, polo Notario da Coruña, D. José Manuel Lois Puente, co número 685 de protocolo no que se outorga poder de representación pola entidade Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. a favor de D^a Araceli del Río Otero.
- Escritura de poder xeral para pleitos autorizada na data 26/05/2025 polo Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, co número 1.144 de protocolo no que se outorga poder de representación polo Sr. Fernández Domínguez a favor de D^a Araceli del Río Otero.
- Copia do permiso de circulación do vehículo.
- Copia da póliza de seguro do vehículo.
- Copia do Parte de Servizo número 13327 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Ficha de peritación dos danos do vehículo, realizada na data 28/02/2025, e polo importe total de 7.104,78 euros.
- Factura de reparación do vehículo número 504452, de data 28/02/2025, expedida por “Amiocar, S.A.”, polo importe de 6.784,78 euros.
- Xustificante de pago da factura expedida por “Amiocar S.A.” polo importe de 6.784,78 euros.
- Factura de reparación do vehículo número 504451, de data 28/02/2025, expedida por “Amiocar, S.A.”, por importe de 320 euros.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de servizo número 13327 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 29/01/2026 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 24/04/2026 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte dos reclamantes, mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2026 co número 2026 00011077, no que reitera a súa reclamación inicial e solicita ampliación do prazo do trámite de audiencia ó non ser posible o acceso electrónico ó expediente administrativo.

Consta así mesmo, escrito de alegacións da entidade Mapfre, como aseguradora do



Concello, de data 28/04/2026, no que solicitan a desestimación da reclamación.

Concedida a ampliación do prazo do trámite de audiencia por Decreto da Alcaldía de data 12/05/2026, consta presentado escrito de alegacións pola parte reclamante, mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/05/2026 co número 202600011862, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización



calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

4.1. Tempo e forma.-

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

4.2. Lexitimación activa e representación.-

Así mesmo, a entidade **ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación de parte dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Actúa representada por D^a Araceli del Río Otero, que acredita debidamente a súa representación.

Por outra banda, **o Sr. Fernández Domínguez tamén ten lexitimación activa suficiente para deducir a reclamación de indemnización que pretende**, ó ser o titular do vehículo danado, e facerse cargo de parte da factura polo importe que resulta da franquicia que deriva da súa póliza de seguro.

Actúa representado por D^a Araceli del Río Otero, que acredita debidamente a súa representación.

4.3. Lexitimación pasiva.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 24/04/2026: *“La calle Castelao, de la parroquia de Aguiño, municipio de Ribeira, es de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento de Ribeira.”*. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4.4. Realidade dos danos.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se



desprende da factura de reparación dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación.

4.5. Nexo causal.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º) A Policía Local, tivo constancia do accidente segundo indica no parte de servizo número 13327, no que se indica o seguinte: *"(...) A nuestra llegada se pudo saber que el vehículo implicado "A" cuando por la c/Cast4elao, circulaba en sentido y en única dirección al puerto de Aguiño, al llegar a la altura del nº 52 golpea con el bordillo elevado de la acera situado a la izquierda y como consecuencia resulta con daños materiales en el brazo de dirección de la rueda delantera izquierda (neumático apoyado contra el pase de rueda) y otros a peritar (suspensión, neumático, llanta...). Que en el lugar del accidente el conductor identificado "A", manifiesta que circulaba en dirección al puerto y que en donde golpeó el turismo, el bordillo de la izquierda está demasiado saliente y es peligroso ya que no se aprecia debido a que es de color gris muy parecido al color de la carretera. En el lugar del accidente se encontraban los identificados como "B y "C", siendo testigos del accidente, quienes manifiestan lo expuesto por el conductor del turismo que estando allí observaron como tres turismos casi chocan contra el mismo. Realizada una inspección ocular en la vía se observa que la misma está iluminada pero carece de marcas viales que delimitasen la zona de estacionamiento situado al margen izquierdo con respecto al carril de circulación de la vía y que el bordillo acaba en forma de pico, siendo un peligro para la circulación. Como medida cautelar y debido a que ya se produjeron varios accidentes contra el mismo bordillo, se colocó un cono de señalización de peligro."*

Así mesmo, **no informe emitido na data 29/01/2026** como consecuencia da instrución deste expediente indícase o seguinte:

- Que o bordo da beirarrúa foi causante de varias colisións e danos en vehículos, polo que foi pintado de cor amarelo flúor para que resultara mais visible e intentar reducir a sinistralidade, sinalizándose cun cono con motivo do accidente do Sr. Fernández Domínguez.
- Que os problemas nese punto ocorren porque a calzada non está pintada e ó non haber vehículos estacionados, non se distingue o carril da zona de estacionamento e porque se pasa dunha calzada de cinco metros de ancho a un carril de apenas tres metros.
- Que o bordo da beirarrúa en cuestión, ó igual que outro que se atopa mais adiante pasando o campo de fútbol, deberían rebaixarse xa que a simple vista xa se observa que é un punto conflitivo, ou asfaltar a vía e desa forma ó subir o asfalto suavizaríase notablemente.
- Que o punto do accidente está ben iluminado xa que hai un farol xusto enriba e é apreciable si se presta a suficiente atención á circulación.
- Que os danos apreciables no vehículo sinistrado son na roda dianteira esquerda e dirección, e que o vehículo trasladouse cunha grúa xa que a circulación era imposible.
- Que non se puido observar condución negligente nin mala actitude do condutor



cara os axentes.

2º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 24/04/2026, afirma que non tivo constancia do accidente sufrido polo Sr. Fernández Domínguez, realizando a seguinte descrición do lugar do accidente e do seu estado: *“El lugar del accidente sufrido por el Sr. Fernández Domínguez es la Calle Castelao de la parroquia de Aguiño, municipio de Ribeira, a la altura del número 45 (no del número 52 como indica el informe policial y el escrito de reclamación presentado). (...) Tras el inicio del expediente administrativo, se ha procedido con fecha 02/02/2026 a la comprobación del lugar del siniestro, pudiendo observar que el saliente contra el que chocó el vehículo propiedad del Sr. Fernández Domínguez, forma parte de la acera que delimita el espacio destinado a aparcamiento de vehículos, por lo que se sitúa en la zona de aparcamiento, no en la zona de circulación de vehículos, con buen estado de mantenimiento y conservación, ya que estas obras has sido realizadas recientemente. (...) Como también puede observarse, tanto la calzada como la zona de estacionamiento no tienen todavía las marcas viales que las delimiten. No obstante, esta falta de señalización vial no dificulta la circulación, ni convierte el borde de la acera en cuestión en un obstáculo para la circulación, por los siguientes motivos:*

- *Como ya he dicho, “el saliente” forma parte de la acera de la Calle Castelao, es decir, forma parte del vial como cualquier otra parte de la infraestructura o como el mobiliario urbano que compone las calles (farolas, bancos, etc), no es ajeno al mismo que lo pudiera convertir en un obstáculo y está es perfecto estado de mantenimiento.*
- *El carril de circulación tiene suficiente anchura para no tener que aproximarse al borde de la acera, ya que la anchura de esta calle es superior a los mínimos que establece la norma para una calle.*
- *La zona está perfectamente iluminada, tal y como puede apreciarse en las fotografías que se adjuntan a continuación y en la que distinguimos varias farolas a poca distancia unas de otras, estando una de ellas justo encima del borde de la acera, por lo que se ve perfectamente por donde hay que circular.*
- *El color de la acera, y por tanto del borde en cuestión, es claro, en contraste con el color oscuro del asfalto de la calzada, lo que facilita su visibilidad.*
- *Se trata de un vial con badenes en distintos pasos de cebra y una ligera curva a la altura del borde de la acera en cuestión, lo que obliga a reducir la velocidad, una velocidad que, ya de por sí, está limitada a 30 km/h al tratarse de zona urbana.”*

Así mesmo, o informe da técnica municipal afirma o seguinte en relación á causa do sinistro: *“La causa del siniestro no es, como afirma el reclamante, la existencia de un “saliente” no reparado ni señalizado, por todo lo mencionado en este informe. Es muy probable que el reclamante fuera circulando a una velocidad superior a la indicada para esta zona, y sin prestar suficiente atención a la conducción, ya que circulando a 30 km/h y prestando la debida atención es fácilmente apreciable la parte de la acera que delimita la zona de estacionamiento, y como consecuencia, la zona destinada a la circulación”*

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público municipal, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do defecto na Rúa Castelao concretado na existencia dun “saliente” non reparado nin sinalizado.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto da rúa co funcionamento do servizo público municipal.



E, é xa nesta primeira cuestión na que os informes encargados na instrución do expediente, non son coincidentes.

Por un lado, a Policía local, afirma que a zona do accidente carece de marcas viarias que delimiten a zona de estacionamento situado á marxe esquerda con respecto ó carril de circulación da vía e que o bordo acaba en forma de pico sendo un perigo para a circulación, indicando que debería rebaixarse xa que a simple vista xa se observa que é un punto conflitivo, insistindo en que ocorren problemas neste punto debido a que a obra non está rematada e non conta con sinalización suficiente, motivo polo cal o borde pintouse dunha cor amarelo flúor para que fora máis visible, deixándose sinalizado cun cono tras lo accidente sufrido polo Sr. Fernández Domínguez.

Pola contra, o informe do Departamento de Obras Públicas, preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, asegura que o bordo contra o que bateu o reclamante forma parte da beirarrúa que delimita o espazo destinado a aparcamento de vehículos, polo que se sitúa na zona de aparcamento, non na zona de circulación de vehículos, que o seu estado de mantemento e conservación é óptimo ó ser obras realizadas recentemente, negando que constitúa un obstáculo para a circulación a pesar da súa carencia de marcas viarias porque non é un elemento alleo ó viario, está en perfecto estado de mantemento, o carril de circulación ten anchura suficiente, a zona está perfectamente iluminada, o cor da beirarrúa contrasta co cor da calzada e a velocidade está limitada a 30 km/h, incidindo en que a causa probable do sinistro foi unha circulación superior á velocidade permitida e a insuficiente atención na conducción, afirmando de xeito contundente que non se realizou ningunha reparación ó non haber nada que reparar.

Tal e como se aprecia nas fotografías que acompañan ós informes referidos, o lugar do accidente é o borde da beirarrúa que delimita o espazo de estacionamento dos vehículos.

É doutrina reiterada dos Consellos Consultivos que os danos sufridos nunha caída non serán antixurídicos cando esta se produza a consecuencia dun obstáculo de dimensións insignificantes ou visibles, xa que non pode pretendese que a totalidade das beirarrúas ou calzadas das vías públicas urbanas estean nun absoluto aliñamento, totalmente rasantes e carentes da máis mínima irregularidade.

Isto, referido ó transito peonil polas vías públicas, pódese extrapolar á circulación dos vehículos, o mesmo que o referido ó nivel de dilixencia esixible a un transeúnte. A este respecto a sentenza 138/2017, de 8 de marzo (rec. 371/2014), da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, recorda que a xurisprudencia do Tribunal Supremo (por todas, Sentenza do 17 de maio de 2001) e a práctica emanada dos Tribunais Superiores de Xustiza, atenden como factor primordial ó carácter previsible do elemento que colocado na vía pública obstaculiza o paso ó viandante, distinguindo dous supostos:

"1ª) Cuando el obstáculo es un elemento ordinario y habitual de la vía pública, vinculado a un funcionamiento correcto del servicio público (bolardos o monolitos para evitar el aparcamiento, farolas, semáforos, bancos, papeleras, y demás mobiliario urbano, correctamente situados), y sin perjuicio de que incluso de este funcionamiento normal también puede derivar responsabilidad, lo normal es considerar que la relación causal se rompe por la falta de previsión del peatón ante ese obstáculo. En estos casos, la utilización normal de estos elementos en la vía pública, y la previsibilidad de los mismos determina que



cualquier golpe del peatón con ellos, les sea imputable al mismo, pues lo contrario supondría admitir que es posible, lógico y razonable que cuando se camina por la calle, se tropiece de forma habitual con ese mobiliario urbano.

2º) Ahora bien, cuando el golpe se produce no con este tipo de mobiliario urbano, sino con elementos impropios, o con parte de ese mobiliario urbano incorrectamente colocado, de manera que la existencia del mismo no es previsible ni esperable (losetas levantadas, alcantarillas destapadas, mobiliario urbano arrancado y desplazado de su lugar, etc.), se genera un riesgo para los viandantes no previsible ni justificado, y con el que por tanto estos no tienen por qué contar. De manera que el golpe con estos por parte de un peatón, determina inicialmente la efectiva existencia de relación causal, que solo será modulable o llegará a desaparecer cuando se pruebe por quien lo alega la concurrencia de culpa o negligencia por parte del viandante. Modulación que puede llegar incluso a atribuir en exclusiva la culpa al peatón y no a la Administración, a la que incumbe el cuidado de la calle cuando solo la falta de atención en el deambular, es la que explica la caída, desde el momento en que las propias circunstancias del lugar exigían a cualquier viandante que prestase la debida atención ante las irregularidades del terreno (SSTS de 20/febrero, 13, 29 y 12/julio/1999 y 20/julio/2000, 4/mayo/2006, 4/marzo/2009, entre otras muchas), en cuyo caso procede la exoneración de responsabilidad para la Administración, pese al carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado la determinante del daño producido”

De conformidade coa doutrina exposta, o borde ou “saliente” co que o reclamante bateu o seu vehículo debe considerarse como un elemento ordinario e habitual da vía pública, vinculado a un funcionamento correcto do servizo público; neste caso, delimita a zona de estacionamento de vehículos. Ademais, non é un elemento estraño no municipio, en canto que son moitos os lugares onde a beirarrúa remata con ese tipo de borde para delimitar o espazo de estacionamento de vehículos. Polo tanto, a súa presenza na vía pública considérase normal e conforme ó estándar esixible ó servizo público.

Non pode considerarse un obstáculo sorpresivo e insólito, en canto, tal e como dispón a enxeñeira municipal, é un elemento estrutural ou configurador da vía pública, igual que tampouco o son as farolas, bancos, sinais de tráfico, colectores do lixo, bordes, que se atopan nas avenidas, rúas e calzadas dos pobos e cidades (Sentencias 1074/2012, de 26 de marzo, 2362/2012, do 30 de xullo, ou 693/2015 de 13 de abril, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía).

A súa finalidade, como xa quedou exposto, é diferenciar a zona de estacionamento da zona de circulación, e isto xa impide que poida ser considerada necesaria a súa sinalización para os/as condutores/as atendendo a que se trata dun elemento urbano fixo perfectamente visible cunha mínima dilixencia.

Continuando coa análise dos informes encargados na instrución do expediente, no que si son contestes é na importante afirmación da existencia de suficiente iluminación artificial da vía pública, aspecto que se aprecia perfectamente nas fotografías que acompañan ó informe emitido pola enxeñeira municipal, no que se ven varias farolas a poucos metros unhas das outras, e unha xusto enriba do borde da beirarrúa en cuestión. O que fai que este elemento da vía sexa perfectamente apreciable si se presta a suficiente atención á circulación, tal e como aseguran os informes policial e técnico, que tamén son coincidentes nesta afirmación.

Ademais, non resulta certa a afirmación do reclamante contida no parte de servizo número



13327 da policía local, de que o borde da beirarrúa non é apreciable debido a que é de cor gris moi parecido ó cor da estrada. Para comprobar este aspecto soamente temos que observar as fotografías contidas no informe da enxeñeira municipal nas que se aprecia que a beirarrúa presenta unha tonalidade moito mais clara que a calzada, circunstancia que facilita a súa percepción visual, e que se sitúa nunha vía con limitación de velocidade a 30 km/hora, velocidade que permite a adecuada observación dos elementos existentes na vía pública.

Non consta a existencia de deterioro, defectos construtivos, anomalías de conservación nin circunstancias que impidan a correcta percepción do bordo da beirarrúa.

Por último, a circunstancia de que se produciran outros accidentes no lugar, non constitúe por si mesma proba da existencia dun funcionamento anormal do servizo público nin da perigosidade obxectiva do elemento, especialmente cando dos informes técnico e policial que obran no expediente se conclúe que o mesmo era visible, identificable e que se atopaba fora da zona destinada á circulación.

En definitiva, tendo en conta todo o anteriormente manifestado en relación ás probas que constan no expediente, fai que non se poida articular sobre as mesmas unha relación de causalidade certa e indubidablemente probada entre o accidente sufrido polo Sr. Fernández Domínguez e o estado da beirarrúa da Rúa Castela pola que circulaba, abocando a un criterio final favorable á desestimación da reclamación interposta.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D^a Araceli del Río Otero, en nome e representación da entidade ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. e de D. Pablo Fernández Domínguez**, polos danos sufridos no vehículo marca BMW, con placas de matrícula 5581MSV, por mor do accidente ocorrido na data 03/12/2024, polos motivos e fundamentos antes expostos.

28.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. BRAULIO RICO FERREIRO POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NUN SUMIDOIRO. EXPEDIENTE 2025 RESP000010

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. BRAULIO RICO FERREIRO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 08 de xaneiro de 2025, ás 17:45 horas, D. Braulio Rico Ferreiro, con DNI número 33.237.485-R, camiñaba acompañado da súa dona pola Avenida de Ferrol cara Ribeira, cando, de súpeto, á altura do número 47, caeu dentro dun sumidoiro cuxa tapa non



estaba correctamente colocada, quedando atrapado á altura dos brazos e precisando de asistencia para poder saír.

Segundo.- Como consecuencia do impacto da caída, o Sr. Rico Ferreiro precisou asistencia médica, polo que tivo que acudir ó Servizo de Urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron fractura de 6º arco costal e contusións en membros inferiores. Ademais sufriu diversos danos materiais como a perda das lentes, que caeron dentro do sumidoiro, a rotura do teléfono móbil que levaba no pantalón, a rotura dunha chaqueta que levaba posta e que rompeu por debaixo dos brazos, e a rotura do pantalón.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/04/2025 co número 8192, D. Braulio Rico Ferreiro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e as lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando que se recoñeza a responsabilidade do accidente sufrido e se acorde o abono da indemnización polos danos e prexuízos sufridos, que cuantifica na contía total de 6.752,75 euros, correspondente ós seguintes conceptos:

- 5.996 euros de indemnización por danos persoais.
- 756,75 euros de indemnización por danos materiais, que se corresponden cos seguintes gastos:
 - 260 euros pola rotura das lentes.
 - 350 euros pola rotura do teléfono móbil.
 - 76,80 euros pola rotura da chaqueta.
 - 29,95 euros pola rotura do pantalón.
 - 40 euros polos traslados en vehículo particular ó centro de saúde de Ribeira e ó hospital da Barbanza.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: copia da factura de reposición das lentes emitida por “Óptica Blanco” pola contía de 260 euros; copia da factura de reposición do teléfono móbil emitida por “Samsung Electronics Ibeira S.A.” pola contía de 350,55 euros; parte de lesións do Centro de Saúde de Ribeira emitido na data 16/01/2025; informe de alta de urxencias do Hospital da Barbanza emitido na data 08/01/2025; informe de enfermaría do Centro de Saúde de Ribeira emitido na data 13/03/2025; tres fotografías das lesións das pernas e dos brazos; cinco fotografías do lugar da caída; unha fotografía do teléfono móbil danado; unha fotografía da chaqueta que resultou danada; e dous tickets de compra do pantalón e da chaqueta.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 26/12/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido por VIAQUA rexistrado de entrada na data 11/02/2026 co número 202600003351.
- Escrito presentado polo reclamante rexistrado de entrada na data 06/02/2026 co número 20262995.
- Acta testifical realizada na data 12/05/2026.
- Informe emitido na data 15/05/2026 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia



e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunhas das partes interesadas neste expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os



cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

4.1. Tempo e forma.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente sufrido.

4.2. Lexitimación activa e representación.-

Así mesmo, o Sr. Rico Ferreiro, **está lexitimado para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ser quen ten sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 08/01/2025 cando camiñaba pola Avenida do Ferrol. E faíno en nome propio.

4.3. Realidade dos danos e das lesións.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos e lesións**, como se desprende das facturas de reparación dos danos e dos informes médicos que o reclamante achega coa súa reclamación.

4.4. Nexo causal.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto o reclamante conecta aqueles coa defectuosa colocación da tapa do sumidoiro existente na Avenida do Ferrol, pola que camiñaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º) A Policía Local, tivo constancia do accidente segundo refire no informe emitido na data do suceso, que ratifican no informe emitido na data 26/12/2025 como consecuencia da instrución deste expediente, no que se indica o seguinte: *“Que siendo las 18:50 h del día 08 de enero de 2025 se recibe aviso de la sala del CIAE 112 informando de la denuncia formulada por la acompañante del lesionado que indica que sobre las 18:10 h de la tarde mientras caminaba con su marido por la acera en sentido ascendente por la Avenida de Ferrol de Ribeira, a la altura del nº 41, este mete un pie en una alcantarilla, colándose hasta la altura del torso y produciéndole diferentes lesiones en ambas piernas y en el lado izquierdo del tórax. Que por este motivo los trasladó un particular que vio la escena y del que no constan más detalles, hacía en centro de salud de Ribeira y que desde ahí se comisionó una ambulancia para su traslado al hospital de Barbanza. Que los agentes que suscriben inspeccionaron el lugar del accidente, hallándose una tapa de hierro fundido del alcantarillado de Ribeira entreabierta en medio de la acera, de unos 50 cm de diámetro, habiendo una profundidad aproximada de 1,50 metros, además de otra cercana pegada a la vivienda del número 41, también levantada, de saneamiento. Que es parecer de los actuantes, que estas tapas se levantasen por acción del agua, debido a la gran cantidad de lluvia caída durante la jornada. Que desplazados al hospital del Barbanza, nos entrevistamos con el herido, que resulta ser D. Braulio Rico Ferreiro, (...) quien indica que mientras paseaba*



con su mujer no se percató que la tapa de la alcantarilla estuviese movida, colándose y produciéndose las lesiones descritas. Encontrándose en el momento de la entrevista a la espera de diagnóstico de RX, con varias laceraciones en ambas piernas, los zapatos sucios y los pantalones dañados.”

2ª).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 15/05/2026, afirma que non tivo constancia do accidente sufrido polo Sr. Rico Ferreiro, polo que non consta realizada unha inspección ó lugar do accidente na data na que este sucedeu, precisando que a inspección, mantemento e reposición das tapas dos sumidoiros non corresponden ó departamento de obras públicas do Concello, sendo a entidade VIAQUA que se encarga, a través do seu persoal, do mantemento das tapas e da reposición destas en caso de que falten ou estean en mal estado, xa que é a entidade concesionaria dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, e as tapas forman parte das instalacións de saneamento.

3ª).- A entidade VIAQUA, en informe rexistrado de entrada na data 11/02/2026, afirma que non tivo constancia do sucedido, nin recibiu comunicación dos feitos, nin polo afectado, nin polas forzas e corpos de seguridade, engadindo o seguinte: “(...) Con respecto á responsabilidade sobre o estado das tapas de saneamento, debe poñerse de manifesto que o acceso ás mesmas efectúase desde a vía pública, sen intervención especial algunha por parte de VIAQUA. Consta que en diversas ocasións diferentes organismos, tales como o GAEM local fan uso de estas infraestruturas, abrindo as tapas do saneamento e/ou rede de pluviais durante momentos de choivas intensas, sen que exista autorización expresa nin actuación de ningún tipo por parte de VIAQUA. No tócate ás probas aportadas non existe atestado policial que acredite a correspondencia entre as probas aportadas e a data indicada na reclamación. A ausencia de ditas probas é especialmente relevante, posto que VIAQUA non se atopa realizando labores rutinarias de mantemento nin intervención de ningún tipo na zona que puidera derivar nunha mala colocación de dita tapa e que elo fora atribuíble a VIAQUA. En todo caso e examinados os feitos, e no tócate ó risco en si, non se trataba dunha traba oculta e non apreciable a simple vista, vistas as fotografías aportadas, senón que se trataría dunha irregularidade apreciable a simple vista e que podía ser evitable polo propio reclamante. Non queda en ningún caso acreditado que dito accidente se puidera producir na data sinalada nin no lugar indicado. (...)”

4ª).- Á testemuña proposta polo reclamante non se lle puido tomar declaración. Si se lle tomou declaración á esposa do reclamante que o acompañaba no momento da caída, e que manifestou que ía camiñando co seu marido cando de súpeto coouse por un sumidoiro; que tratou de axudalo pero que non era capaz, que a axudou un home que viña camiñando detrás e que resulta sela testemuña proposta polo seu marido. Que unha muller que pasaba polo lugar da caída acercounos no seu vehículo ó centro de saúde e despois chamaron á súa filla para ir ó Hospital da Barbanza. Que no momento da caída o sumidoiro estaba coa tapa posta, aparentemente normal, pero en realidade non estaba ben suxeita e ó pisar enriba, a tapa cedeu, ocasionando a caída. Que na fotografía que realizaron o mesmo día da caída cando se dirixían ó hospital no vehículo da súa filla e que achegan ó expediente, apreciase que a tapa está solta, que quedou así despois da caída xa que non foro capaces de movela e colocada no seu sitio. Que uns metros mais adiante tamén había outro rexistro coa tapa solta e desprazada do seu sitio.

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público municipal, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do defecto na Avenida de Ferrol concretado na existencia dun sumidoiro coa tapa solta.



- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto do sumidoiro co funcionamento do servizo público municipal.

Nesta primeira cuestión, **soamente o informe realizado pola Policía local da conta da existencia do defecto do sumidoiro**, xa que tanto a enxeñeira municipal como a entidade concesionaria do servizo, non tiveron constancia do sucedido. A primeira por non estar entre os seus cometidos o mantemento do saneamento e a segunda por falla de información sobre o acontecido.

Aínda así, o informe policial deixa claro a situación irregular na que atoparon os sumidoiros na Avenida de Ferrol, pois dáse conta de dous sumidoiros coas tapas fóra do seu sitio, tal e como se observa nas fotografías que forman parte do informe, incorporando un xuízo propio sobre as posibles causas determinantes do accidente, pois no informe emitido na data 26/12/2025 dispónse que o feito de que a tapa se atopase descuberta provocou a caída do peón.

É doutrina reiterada dos Consellos Consultivos que os danos sufridos nunha caída non serán antixurídicos cando esta se produza a consecuencia dun obstáculo de dimensións insignificantes ou visibles, xa que non pode pretenderse que a totalidade das beirarrúas ou calzadas das vías públicas urbanas estean nun absoluto aliñamento, totalmente rasantes e carentes da máis mínima irregularidade.

En relación ó nivel de dilixencia esixible a un transeúnte, a sentenza 138/2017, de 8 de marzo (rec. 371/2014), da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, recorda que a xurisprudencia do Tribunal Supremo (por todas, Sentenza do 17 de maio de 2001) e a práctica emanada dos Tribunais Superiores de Xustiza, atenden como factor primordial ó carácter previsible do elemento que colocado na vía pública obstaculiza o paso ó viandante, distinguindo dous supostos:

“1ª) Cuando el obstáculo es un elemento ordinario y habitual de la vía pública, vinculado a un funcionamiento correcto del servicio público (bolardos o monolitos para evitar el aparcamiento, farolas, semáforos, bancos, papeleras, y demás mobiliario urbano, correctamente situados), y sin perjuicio de que incluso de este funcionamiento normal también puede derivar responsabilidad, lo normal es considerar que la relación causal se rompe por la falta de previsión del peatón ante ese obstáculo. En estos casos, la utilización normal de estos elementos en la vía pública, y la previsibilidad de los mismos determina que cualquier golpe del peatón con ellos, les sea imputable al mismo, pues lo contrario supondría admitir que es posible, lógico y razonable que cuando se camina por la calle, se tropiece de forma habitual con ese mobiliario urbano.

2ª) Ahora bien, cuando el golpe se produce no con este tipo de mobiliario urbano, sino con elementos impropios, o con parte de ese mobiliario urbano incorrectamente colocado, de manera que la existencia del mismo no es previsible ni esperable (losetas levantadas, alcantarillas destapadas, mobiliario urbano arrancado y desplazado de su lugar, etc.), se genera un riesgo para los viandantes no previsible ni justificado, y con el que por tanto estos no tienen por qué contar. De manera que el golpe con estos por parte de un peatón, determina inicialmente la efectiva existencia de relación causal, que solo será modulable o llegará a desaparecer cuando se pruebe por quien lo alega la concurrencia de culpa o negligencia por parte del viandante. Modulación que puede llegar incluso a atribuir en exclusiva la culpa al peatón y no a la Administración, a la que incumbe el cuidado de la calle cuando solo la falta de atención en el deambular, es la que explica la caída, desde el momento en que las propias circunstancias del lugar exigían a cualquier viandante que



prestase la debida atención ante las irregularidades del terreno (SSTS de 20/febrero, 13, 29 y 12/julio/1999 y 20/julio/2000, 4/mayo/2006, 4/marzo/2009, entre otras muchas), en cuyo caso procede la exoneración de responsabilidad para la Administración, pese al carácter objetivo de la misma, cuando es la conduta del propio perjudicado la determinante del daño producido”

De conformidade coa doutrina exposta, **a tapa do sumidoiro mal encaixada, é dicir, que no estea fixamente disposta, pode considerarse un obstáculo sorpresivo e insólito**, non previsible nin apreciable por parte do viandante, o que fai que este camiñe pola rúa ou beirarrúa con total confianza, xerando un risco inxustificado capaz de xerar unha relación de causalidade entre o dano producido e o servizo público.

E sendo o defecto estrutural do sumidoiro un feito constatado no informe policial, a dificultade radica precisamente en determinar se existe unha vinculación directa entre o estado daquel e os danos e lesións xerados ó reclamante, é dicir, en constatar a causa da caída, ou o que é o mesmo, en demostrar a dinámica do accidente.

Faltaría pois como único elemento decisivo probar a presenza do Sr. Rico Ferreiro no lugar no cal se produciu o accidente, en definitiva, a evidencia dos mencionados feitos, xa que é preciso ter en conta que o accidente non contou coa presenza dos corpos de policía.

Neste sentido, a proba que falta por analizar, e que podería facilitar o sentido desta proposta de resolución, é a **proba testemuñal**. A estes efectos, na instrución do expediente non puido tomarse declaración a D. Andrés Suárez Lago, en calidade de persoa que auxiliou ó reclamante, quen achega copia dunha declaración feita polo Sr. Suárez Lago que non se realizou ante esta instrutora, cuestionándose así a súa validez. Sen embargo, si se tomou declaración a D^a Teresa García Mariño, da que extraemos a conclusión de que **se trata dunha testemuña presencial**, pois acompañaba ó reclamante no momento da caída. Nela, a Sra. García Mariño realiza unha descrición clara e detallada do acontecido, describindo con precisión a secuencia do mesmo, o que reforza o valor probatorio dos feitos que se intentan demostrar polo reclamante.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos e lesións sufridos polo reclamante e o funcionamento do servizo público municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

4.5. Quantum indemnizatorio.

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada polo reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir á Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, coa actualización que corresponde ó ano 2025, que foi o ano no que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Así, en canto ás **lesións físicas**, o reclamante solicita a contía total de 5.996 euros, sen indicar a que conceptos se corresponde a contía solicitada.

Non obstante, compre precisar o seguinte:

- a) O único informe que achega o reclamante no que se deixe constancia dos



días invertidos na curación das súas lesións, é un informe de enfermaría do Centro de Saúde de Ribeira emitido na data 13/03/2025, e no que se dispón que o Sr. Rico Ferreiro estivo facendo curas desde o día 08 de xaneiro ata o día 24 de xaneiro de 2025, o que fai un total de 17 días. Neste informe non se acredita que o prexuízo persoal sufrido tivese a cualificación de moderado, polo que, non sendo lesións que revistan tanta gravidade como para que o lesionado perda temporalmente a posibilidade de levar a cabo unha parte relevante das súas actividades específicas de desenvolvemento persoal que é como se define o prexuízo moderado no artigo 138.4 da Lei 35/2015, enténdense que eses días invertidos na curación das súas lesións son de prexuízo persoal básico.

Con estes datos médicos e aplicando o artigo 136 da Lei 35/2015, coa actualización das contías respecto do ano 2025, temos que: 17 días de prexuízo persoal básico x 38,10 euros = 647,7 euros.

○ **Total por este concepto = 647,7 euros.**

b) Non se acreditan a existencia de secuelas.

○ **Total por este concepto: 0 euros.**

En canto ós **danos materiais**, a reclamante solicita a contía total de 756,75 euros, que se corresponden cos seguintes conceptos:

- 260 euros pola rotura das lentes.
- 350 euros pola rotura do teléfono móbil.
- 76,80 euros pola rotura da chaqueta.
- 29,95 euros pola rotura do pantalón.
- 40 euros polos traslados en vehículo particular ó centro de saúde de Ribeira e ó hospital da Barbanza.

Non obstante, compre precisar o seguinte:

- a) Tanto a perda dos lentes como a rotura do teléfono móbil non resultan reflectidos como danos no informe policial. Non obstante, acreditada a secuencia da caída, apreciase como moi probable o relatado polo reclamante respecto á perda das gafas polo impacto daquela e a rotura do seu teléfono móbil. O reclamante achega as facturas polas contías de 260 euros, correspondente á reposición das gafas, e de 350 euros, correspondente á reposición do teléfono móbil. **Total por este concepto: 610 euros (260 + 350).**
- b) O mesmo sucede cos danos sufridos pola chaqueta que levaba posta. Estes danos non resultan mencionados no informe policial, pero na secuencia da caída e ó quedar atrapado no sumidoiro pola altura dos brazos, resulta probable a rotura da chaqueta que levada posta. Achega factura polo importe de 76,80 euros. **Total por este concepto: 76,80 euros.**
- c) Os danos no pantalón que levada posto si veñen referidos no informe policial, polo que, de conformidade coa factura que achega o reclamante, correspondería a contía de 29,95 euros por este concepto. **Total por este concepto: 20,95 euros.**
- d) En canto ós gastos de traslado en vehículo particular ó centro de saúde de



Ribeira, do centro de saúde ó hospital da Barbanza e do hospital da Barbanza ó seu domicilio, non poden ser aceptados, por canto o propio reclamante e a súa esposa na declaración como testemuña do accidente, indican que foi unha muller que pasaba neses intreiros polo lugar da caída quen os acercou ó centro de saúde, e despois foi a súa filla quen os levou ó hospital, polo que o reclamante non xerou ningún gasto por este concepto.

Total por este concepto: 0 euros.

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer ó reclamante unha indemnización total por un importe de **1.364, 45 euros**.

4.6. Lexitimación pasiva.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos e lesións antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, constátase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade VIAQUA, con NIF A66141185, como entidade concesionaria do servizo de saneamento municipal.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Ribeira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: “(…) g) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior”. E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento de auga potable e sumidoiro do Concello de Ribeira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse



sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D. Braulio Rico Ferreiro, deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA mediante Decreto da Alcaldía de data 20/05/2026, que foi notificado na data 20/05/2026, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Braulio Rico Ferreiro, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización total de 1.364,45 €.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento VIAQUA, polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando ó reclamante na contía antes indicada.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula 23 do contrato administrativo antes referido.



29.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL “MARÍA VILAS” Á COFRADÍA DE PESCADORES DE SAN PEDRO, PARA FACER A PROBA DE NATACIÓN DO CURSO DE MARIÑEIRO PESCADOR

LOGO DE VER que D. José Antonio Pérez Sieira, en representación da Cofradía de Pescadores de San Pedro, presenta escrito de data 04-06-2026, con número de rexistro de entrada municipal 13.494, solicitando:

“A PISCINA MUNICIPAL PARA PROBA DE NATACIÓN PARA UN CURSO DE MARIÑEIRO PESCADOR QUE SOLICITA A COFRADIA DE RIVEIRA Á CONSELLERIA DO MAR. A PROBA SERÍA O DÍA 22 DE XUÑO DE 2026, DE 12:00 A 13:00 HORAS.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II O *Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para as datas solicitadas (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 08-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 08-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” á “Cofradía de Pescadores de San Pedro”, para a celebración dun curso de “Mariñeiro Pescador”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- **A cesión das instalacións será para o 22 de xuño de 2026, de 12.00 a 13.00 horas.**
- **O solicitante, deberá coordinar en todo momento o uso das instalacións cos responsables do departamento de deportes**, en canto ao número de rúas e resto de espazos a utilizar.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.



En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

30.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA. A ORIXE, PARA PERNOCTAR EN POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS

LOGO DE VER que D. Manuel A. Villar Fernández, en representación da Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe, presenta escritos de datas 16/04/2026, 06/05/2026 e 07/06/2026 con números de rexistro de entrada municipal 8948, 10711 e 13733, solicitando polideportivos municipais para que grupos de peregrinos que van facer o “Camiño de Santiago”, poidan pernoctar durante o verán.

As datas e instalacións solicitadas son:

- 02/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
- **15/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (FIEITEIRA).**
- 20/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).
- 22/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
- 23/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
- 30/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
- 31/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
- **01/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (FIEITEIRA).**
- 02/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
- 02/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).
- 23/09/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. No caso de acceder ao solicitado, a estancia destes grupos nos polideportivos da Fieiteira, Alcalde Torres Colomer e Sirves non é incompatible, nin interfere co regular desenvolvemento do resto de actividades programadas.
4. **Hai 2 datas solicitadas para o polideportivo da Fieiteira (15/07/26 e 01/08/26) que por estar a instalación pechada non se poden conceder (pódese dar alternativa noutra instalación).**
5. Para recibir a todos os grupos de peregrinos, terá que haber unha persoa do departamento de deportes dispoñible fora da súa xornada (horario de tarde - noite e fin de semana).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 09-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 09-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar á Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os seguintes días e lugares:
 - 02/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
 - **15/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).**
 - 20/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).
 - 22/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
 - 23/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.(FIEITEIRA).
 - 30/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
 - 31/07/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
 - **01/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).**
 - 02/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
 - 02/08/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (SIRVES).



- 23/09/2026.Chegada aprox.ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte (PALMEIRA).
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións, nos días anteriormente sinalados.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

31.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN VIII TRAVESÍA A NADO ILLA DE RÚA Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LOITA CONTRA O CANCRO

LOGO DE VER D. Francisco Javier Álvarez Barbeito, en representación da Asociación Española de Loita Contra o Cancro, presenta escrito de data 14/05/2026, con número de rexistro de entrada municipal 11.387, solicitando:

"PERMISO E APOIO PARA A REALIZACIÓN DA VIII TRAVESIA NADO ILLA DA RUA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2026. EN CONCRETO.

- *PODIUM PARA A ENTREGA DE TROFEOS*
- *CRONOMETRAJE E SEGURO PARA OS PARTICIPANTES*
- *AMBULANCIA (DE 10 A 14H)*
- *TROFEOS*
- *PROTECCIÓN CIVIL CON EMBARCACIÓN"*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:

"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".

3. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:



“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 08-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 09-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a **VIII TRAVESÍA A NADO ILLA DE RÚA á Asociación Española de Loita Contra o Cancro** cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **28 de xuño de 2026** ao longo mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- **Dar traslado ao GAEM da celebración do evento** (a colaboración deste corpo coa súa embarcación no desenvolvemento da actividade, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Ceder o podio** para a entrega de trofeos o día da proba.
- O departamento de deportes do concello de Ribeira, farase cargo do custe do **servizo de cronometraxe, seguro dos participantes, trofeos aos primeiros clasificados así coma da ambulancia** de 10.00 a 14.00 horas.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que esta Alcaldía considere oportunas poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

32.- SOLICITUDE DE CESIÓN PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE RIBEIRA PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO PROVINCIAL DE PATINAXE NAS CATEGORÍAS BENXAMÍN E INFANTIL

LOGO DE VER que Dña. María Teresa Rey Martínez, en representación do Club Patinaxe Ribeira, presenta escrito de data 26-03-2026, con número de rexistro de entrada municipal 7060, solicitando:

“LAS PISTAS DEL PABELLON DE SIRVES POR LA CELEBRACION DE LOS SIGUIENTES CAMPEONATOS CTO. PROVINCIAL – LIBRE CAT. NACIONAL (BENJAMÍN - INFANTIL) CORUÑA – C. RIBEIRA 27/28 JUNIO”



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:

"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".

3. Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 08-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 08-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Ribeira, para a organización do campionato provincial de patinaxe nas categorías benxamín e infantil, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativo.
- A cesión das instalacións será só para os días **27 e 28 de xuño de 2026 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local



considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local e o GAEM de Ribeira.

33.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DA VI CARREIRA 5K EL CANARIO

LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo “El Canario”, presenta escrito de data 15/01/2026, con número de rexistro de entrada municipal 1.084, solicitando:

“AUTORIZACION PARA CELEBRACION DE LA VI CARREIRA 5K EL CANARIO, EL DIA 21/06/2026, EN HORARIO DE 08.30 A 14.00, OCUPANDO LA PLAZA DEL CONCELLO Y CALLES CIRCUNDANTES, Y EN HORARIO DE 10.00 A 11.00 EL MISMO CIRCUITO DE LA CARRERA 5K DEL AÑO ANTERIOR.

SOLICITAMOS, ADEMAS, 10 VALLAS DE CONTROL, 4 MESAS, 1 CARPA DE 3X3 METROS. TAMBIÉN NECESITARIAMOS LA PRESENCIA DE UNA AMBULANCIA.”

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

3. O solicitante, en escrito de data 01-02-26, con número de rexistro de entrada municipal 2.322, solicita o cambio de data da proba para o 28-06-26.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 08-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 08-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar ao club Escola de Boxeo “El Canario” para a celebración da VI Carreira 5K “El Canario” cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **28 de xuño de 2026** de 08.00h. a 14.00h.. **Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- Ceder para o desenvolvemento da proba o seguinte material: **10 vallas, 4 mesas e 1 carpa.**
- Poñer a disposición do organizadores servizo de **ambulancia de 9.45 a 12.45 horas.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

34.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO VERÁN DE ARTES

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 09/06/2026, relativa á autorización da celebración das Festas do Verán de Artes, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Rosa María Orellán Santos, en representación da Comisión de Festas do Centro Recreativo de Artes, sede electrónica 2026 11347 de data 13 de maio de 2026, interesado celebrar as Festas do Verán de Artes e dos actos do Corpus Christi os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026.

Engádese ao expediente Programa de actividades, entre os que figura actuacións musicais a cargo da orquestra La Traviesa, grupos Leite con Jalleta e Arena, sesións de disco móbil dos DJ Planet e Tito Maverick; Alboradas e pasarrúas con grupos de música tradicional; Sesión infantil de inchables, xogos populares e sardiñada-churrascada (recibida no correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.gal na data 4/6/2026).

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- **Autorización para celebrar as Festas de Verán 2025 de Artes, os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026.**
- **Disposición de 12 contenedores de residuos sólidos no campo da festa, así como servizo de limpeza.**
- **Vallas e sinais de ordenación do tráfico na contorna da Igrexa Parroquial.**
- **Presenza da Policía Local, con maior incidencia o domingo da sardiñada-churrascada (21/xuño).**

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:



Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

8. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional** doutras administracións públicas ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

O Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- **Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026.**
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 4:00 h nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.**
- **Prestar apoio loxístico e operativo, incluíndo:**
 - **Reforzo de contenedores e limpeza diaria.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal.**

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento."



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

- Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os días 20, 21 e 22 de xuño de 2026 no exterior das instalacións do Centro Recreativo de Artes.
- Establecer como horario límite das actividades as 4:00 h da madrugada nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar colaboración municipal do servizos de limpeza, contenedores (con maior incidencia o domingo 21 con motivo da sardiñada; Sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.

Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á Policía Local e GAEM.

35.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 03/06/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“A través da sede electrónica recíbese o 03/06/2026, solicitude de Carlos Jesús Cimadevila Álvarez (registro número 202613438), en representación da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (G70348529) interesados dende a entidade en dispor da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas para realizar a presentación do libro “Enrique e Manuel Fernández Sendón. Memoria, palabra e represión” o venres 12 de xuño de 19:30 a 21:30 h.

Considerando que:

- a) O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de lucro.
- b) O acto é unha actividade aberta e gratuíta.
- c) Fomenta a participación, crea comunidade en torno a lectura.
- d) A Sala de conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas é o espazo axeitado para celebrar este acto, e consultada a axenda de reservas confírmase a dispoñibilidade da data indicada.

A área de cultura ten interese en apoiar este evento poñendo a súa disposición:

1. Espazo público: Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira. Venres 12 de xuño de 2026 en horario de 19:30 a 21:30 h. Equipo técnico audiovisual e de son propio da sala.
2. Medios persoais: Servizo de conserxería.



Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** o Uso Temporal da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira o 12 de xuño en horario de 19:30 a 21:30 h para a presentación do libro “Enrique e Manuel Fernández Sendón. Memoria, palabra e represión”, podendo utilizar o equipamento técnico da propia sala.
- Notificar o acordo ao solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO:

- 1- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2-A disposición da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3- Aos efectos de preparativos, probas ou ensaios co equipo técnico (uso do proxector, microfonía) poderá dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordo co departamento municipal de cultura.
- 4-Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do dispor da sala con anterioridade ao calendario autorizado previo acordo co departamento seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 5-En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6-Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 7-Respectar a capacidade da sala (64 cadeiras con pala na zona de espectadores e 3 a 4 cadeiras na mesa presidencial).
- 8-Queda prohibida a realización de actividades económicas e que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
- 9-Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.



Na aceptación destas condicións e medidas, previo á realización da actividade, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

36.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 147/2026 DE PRAZA Nº 2 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 147/2026 de Praza nº 2 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, de data 03/06/2026, na que desestima o recurso contencioso administrativo (PA 427/2024) interposto por María Dolores Agrafojo Paz contra resolución ditada pola Xunta de Goberno Localen sesión de 13/06/2024, recaída no expediente de reposición da legalidade urbanística 2023/DISU00012.

37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO FESTIVO EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – José Manuel Santos Martínez (A RÚA)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **José Manuel Santos Martínez**, de data 03/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.431), no que solicita autorización para celebración de evento festivo (Concerto-churrascada-sardiñada), na terraza do establecemento hostaleiro “Café Bar A Rúa”, o día 23/06/2026, en horario de 21:00h. a 01:00 h.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Miniño Millán (Praia do Touro)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Daniel Miniño Millán** en representación establecemento “**Chiringuito Praia do Touro**” (Ribeira), de data 05/06/2026 (Rexistro de entrada nº 12.626), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Praia do Touro” (Ribeira), o día 23/06/2026, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

39.- RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DA “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA”

Vista a proposta conxunta das concelleiras de Promoción económica e de Turismo, Carmen Pérez Gómez e Ana Isabel Barreiro Rego, de data 05/06/2026, relativa á renuncia



presentada para a celebración da “Feira de Artesanía de Galicia”, da que expoñen:

“Que a Asociación Galega de Artesanos presenta a RENUNCIA para celebrar a “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” os días luns 20 e martes 21 de xullo na Praza do Concello, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 03/06/2026 con Nº de rexistro de entrada 202613441, comunicando:

1. A RENUNCIA formal para realizar a “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” os días 20 e 21 de xullo na Praza do Concello. ”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aceptar a renuncia a realización do evento “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” o luns 20 e o martes 21 de xullo na Praza do Concello, (este evento fora autorizado na Xunta de Goberno Local celebrada en data 23 de abril de 2026).

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE “A FIESTRA DA CULTURA 2026”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 08/06/2026, relativa á celebración da programación de “A Fiestra da Cultura 2026”, na que expón:

“A área de cultura, no marco da súa programación estable, volve a impulsar un ano máis a programación estival dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, baixo o título “A Fiestra da Cultura 2026”.

Nesta ocasión contará con máis dunha vintena de espectáculos e actividades durante a época de verán, comezando ao día seguinte do remate do curso escolar. As propostas serán gratuítas a meirande parte delas e abertas a toda a cidadanía, e para as cales son contou coa colaboración da Deputación da Coruña, a través da Rede Cultural, ou da Xunta de Galicia a través de programas como Cultura no Camiño, así como coa participación do tecido asociativo do municipio. O programa desta edición deste ano reúne concertos, actuacións cómicas, novo circo, exposicións, danza, contacontos, maxia e un longo etcétera. Sen dúbida trátase dunha ampla, variada e atractiva programación cultural que ten lugar nos diferentes espazos da cidade, prazas e rúas así como no auditorio municipal como é característico nos programas levados a cabo por este concello.

Algúns dos **OBXECTIVOS** que se marcan con esta programación son:

- Achegar as diferentes manifestacións artísticas a todas as idades, nenos, mozos e maiores durante esta temporada estival que permite celebrar en espazos de maior amplitude espectáculos de gran calidade.
- Dinamizar e promocionar o interese pola cultura e a arte aproveitando os meses de verán no que veciños e visitantes gozan de maior tempo de lecer.
- Estimular a participación das entidades asociativas con inquedanzas artísticas: música e baile nas diferentes modalidades e xéneros.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da programación de “A Fiestra da Cultura 2026”.
- Dar traslado do acordo e da programación aos departamentos municipais da Policía Local e GAEM solicitando colaboración naqueles eventos/espectáculos nos que se estime oportuno para garantir o seu correcto desenvolvemento así como a seguridade cidadá.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “**Bar O da Rubia**” (Ribeira), de data 08/06/2026, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar O da Rubia**” (Ribeira), o día 27/06/2026, en horario de 16:00 h. a 22:00 h.

42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento “**Bar Clandestino**” (Ribeira), de data 09/06/2026 (Registro de entrada nº 14.105, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Clandestino**” (Ribeira), o día 26/06/2026, en horario de 23:00 h. a 01:00 h.

Asímesmo, se lle informa que debido a que a xestión da dos eventos durante estas festas está a cargo da **Comisión de Festas de Bandourrío**, polo que **deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa autorización.**

43.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO E CALENDARIO LABORAL 2026-2027 DO PERSOAL DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TAHUME XI

Vista a resolución pola que o Concello de Ribeira resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiro duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 (DOG núm. 228 do 25/11/2025), para levar a cabo o Obradoiro dual de Emprego Tahume XI.



Visto o “Regulamento de Réxime Interno” redactado polo equipo directivo e docente do Obradoiro dual de Emprego Tahume XI.

Visto o “Calendario laboral 2026-2027 do persoal do Obradoiro dual de Emprego Tahume XI”.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego, Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 09/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno, “TAHUME XI”, que se recolle como anexo e que consta no expediente.

Segundo.- Aprobar o calendario laboral 2026-2027 do persoal do Obradoiro Dual de Emprego Tahume XI, que se recolle como anexo e que consta no expediente.

44.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “**Bar Baldomero**” (Palmeira), de data 09/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.048, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Baldomero**” (Palmeira), o día 20/06/2026, con horario de remate ás 23:30 h.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Yolanda Pombo Zapata

Visto o escrito presentado por **Yolanda Pombo Zapata**, de data 09/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.135), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Food Truck), o día 12/06/2026, co motivo da celebración das Festas de Oleiros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non Autorizar a **Yolanda Pombo Zapata** para a instalación dun posto de venda ambulante (Food Truck), o día 12/06/2026, co motivo da celebración das Festas de Oleiros, debido a que a xestión da instalación de postos de venda ambulante está a cargo da **Comisión de Festas de Oleiros**, polo que deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa instalación.



46.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmín González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Jasmín González Gutiérrez**, de data 08/06/2026 (Registro de entrada nº 13.801), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 26 e 27/06/2026, na Praza de Pontevedra (Ribeira), ao carón do establecemento hostaleiro “Bar Retablo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non Autorizar a **Jasmín González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 26 e 27/06/2026, na Praza de Pontevedra (Ribeira), debido a que a xestión da instalación de postos de venda ambulante está a cargo da **Comisión de Festas de Bandourrío**, polo que deberá poñerse en contacto con dita entidade para solicitar a súa instalación.

47.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DE TECER EN PÚBLICO

Visto o escrito presentado por Paula María Chouza Parada, de data 10/06/2026 (Registro de entrada nº 14.324), no que solicita autorización para a celebración de actividade na Praza de Teruel (Ribeira), o día 13/06/2026, en horario de 17:00 h. a 21:00h., co motivo do Día Internacional de tecer en público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración de actividade na Praza de Teruel (Ribeira), o día 13/06/2026, en horario de 17:00 h. a 21:00h., co motivo do Día Internacional de tecer en público.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 11:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

